




Enquisa ás Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Edición 2016



1

Caracterización do sector TIC

2

Innovación empresarial

3

Cara unha Internet ultrarrápida e á madurez tecnolóxica

4

Emerxen novas solucións TIC:
Cloud computing, redes sociais e software para aplicacións móbiles

5

Comercio electrónico e formación



Principais resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia”. Ano 2016.

Incluído no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016

Realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

Obxectivos

- Caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.
- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016




1.

Caracterización do sector TIC



Sector TIC. Estrutura






Demografía empresarial I

A cifra de empresas galegas TIC durante o 2014 foi de 2.331, fronte ás 2.242 do ano 2013, o que supón un crecemento do 4% respecto ao ano anterior

NÚMERO DE EMPRESAS TIC POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. AÑO 2014



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (IGE para Galicia). Ano 2014

64,8%

Actividades
Informáticas

16,9%

Comerciais
TIC

7,6%

Telecom.

7,3%


Outros
Servizos
TIC

3,3%

Manuf.



Demografía empresarial II



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE-IGE Ano 2014

➡ Galicia continúa na 5ª quinta posición segundo o número de empresas do sector TIC.






Demografía empresarial III

O crecemento no volume de empresas TIC, prodúcese especialmente nas empresas máis pequenas, cun máximo de dous traballadores/as, que representa o 83,5% do total de empresas TIC galegas e chegando ata ás 1.948 empresas, 79 empresas máis que o ano anterior neste segmento empresarial.

Empresas do sector TIC segundo o número de empregados /as. Galicia. Anos 2011-2014

(nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2011, 2012, 2013 e 2014



Emprego

Ano 2011:
15.855

Ano 2012:
15.473

Ano 2013:
15.312

Ano 2014:
14.400

Ano 2015:
15.683

Porcentaxe sobre persoal ocupado de Galicia:

1,6%

1,6%

1,7%

1,6%


1,7%

⇒ O sector TIC dá emprego a 15.683 traballadores/as, o que supón un crecemento do 8,9% no último ano.

⇒ Maior proporción de homes: A presenza de homes que se dedican ao sector TIC é dun 66,9% mentres que as mulleres representan un 33,1%.

⇒ O 48,7% das empresas TIC sinala que é difícil ou moi difícil contratar persoal con formación específica en TIC.

Empregados/as do sector TIC segundo o sexo



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2011-2015



Contribución á economía galega: Valor engadido bruto

☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego durante o 2014 superou os 1.015 millóns de euros, o que supón o 1,8% do PIB de Galicia



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE.




Volume de negocio

➡ O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015, un 2,4% máis que no ano anterior.

Estimación do volume de negocio das empresas TIC

(millóns de euros)



Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

➡ Un 76,5% do volume de negocio corresponde a clientes galegos e un 17,8% ao resto de España.

% de distribución xeográfica da cifra de negocio

Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
76,5	17,8	3,0	2,7

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

% de distribución por clientes da cifra de negocio

Xunta de Galicia	Concellos e deputación galegas	Administración Pública non galega	Empresas	Profesionais	Particulares
4,8	3,5	1,9	66,7	10,5	11,6

Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA



2.

Innovación empresarial




Actividades de I+D+i

⇒ O 25,9% das empresas TIC galegas desenvolveu actividades de I+D+i no período 2013-2015. Destas empresas, tres de cada catro obtiveron resultados comercializables.

⇒ O 18,7% das empresas TIC galegas colaboraron con outras empresas para realizar actividades de innovación.



**Empresas TIC que innovaron nos seus bens
no período 2013-2015**
(% sobre empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

⇒ Durante o período 2013-2015, un 27,3% de empresas TIC galegas introduciu innovacións nos seus bens e un 33,3% incorporou servizos novos ou mellorados.

⇒ Principais innovacións:

- ⇒ Actividades de apoio para os procesos das propias empresas
- ⇒ Sistemas de mantemento ou operacións informáticas

⇒ A cooperación ou colaboración con outras empresas en materia de innovación foi do 18,7%, especialmente con empresas ubicadas en España.



3.

Cara unha Internet ultrarrápida e
á madurez tecnolóxica



Incremento significativo da banda larga móbil e da fibra óptica




☞ A tecnoloxía de Banda larga móbil xa ocupa un lugar privilexiado como tecnoloxía principal de acceso, chegando a un 42,7% das empresas TIC galegas.

☞ Duplicouse a porcentaxe de empresas TIC conectadas a Internet a través de fibra óptica.

Tecnoloxía principal contratada de acceso a Internet

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA




Calidade na velocidade de conexión a Internet



☞ O 38,3% das empresas TIC galegas posúe velocidades de conexión superiores aos 100 Mbps, medrando 7,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Velocidade de acceso a Internet en Galicia

(% empresas TIC que dispoñen de Internet)




Fonte: OSIMGA



Madurez tecnolóxica

A transformación dixital que está a experimentar o sector TIC tamén se manifesta na propia actividade empresarial interna que repercute positivamente na produtividade e na eficiencia.


Envío de factura electrónica



Sinatura dixital



Interacción coas AA.PP. a través de Internet





4.


Emerxen novas solucións TIC:

Cloud computing, redes sociais e
Software para aplicacións móbiles



Cloud Computing

Emprego de servizos Cloud Computing



Fonte: OSIMGA




☞ O Software como servizo (Saas) - Google Apps, Dropbox, etc. - é a modalidade máis empregada.

☞ O 42,2% das empresas TIC galegas emprega tecnoloxías Cloud Computing, experimentando un incremento de 2,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2015.

Tipo ou modalidade Cloud empregada

(% empresas TIC que empregan servizos Cloud)



Fonte: OSIMGA



Redes Sociais: escaparate privilexiado dos produtos e servizos TIC


☞ O 39,2% das empresas TIC galegas emprega as redes sociais, confirmando a tendencia expansiva continua.



Crecemento do período 2012- 2016:
19,2 puntos porcentuais

Presenza activa nas redes sociais

(% empresas TIC con acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA




☞ O 21,8% das empresas que non están nas redes teñen previsto incorporarse a elas proximamente.



Emprego de aplicativos en plataformas móbiles

Emprego de aplicativos en plataformas móbiles

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O 63,9% das empresas TIC empregou aplicativos en plataformas móbiles (teléfonos móbiles e /ou tabletas), medrando 0,4 puntos porcentuais no último ano.

☞ Un 28% das empresas adicadas ás TIC ofrecen desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles, 2,8 puntos máis que no ano anterior.

Ofreceron desenvolvemento específico de software para plataformas móbiles

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA



5.

Comercio electrónico e formación



Comercio electrónico


⇒ O 74,3% das empresas TIC galegas realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico.

⇒ O 30,2% das empresas TIC galegas realizou vendas a través de Internet no ano 2015, 2,9 puntos máis que no ano anterior.

⇒ As vendas a través de Internet representan o 43,9% sobre o volume de negocio das empresas TIC que venden a través da Rede.

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico das empresas TIC galegas


(% sobre o total de empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Vendas de bens ou servizos a través do comercio electrónico das empresas TIC galegas

(% sobre o total de empresas TIC)



Fonte: OSIMGA






Formación para responder ás cambiantes necesidades do sector

☞ O 28,9% das empresas TIC galegas realizou accións formativas relacionadas coas novas tecnoloxías da Información e Comunicación para os seus traballadores/as.

☞ As áreas mais atractivas para proporcionar coñecementos ao seu persoal son as tecnoloxías Cloud e a seguridade e protección de datos


Interese en facilitar formación en TIC aos/as traballadores / as



Fonte: OSIMGA

Áreas de formación de interese

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)



Fonte: OSIMGA



Conclusións



- ☞ Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC (2.331 empresas TIC). O sector TIC galego dá emprego a 15.863 traballadores/as, o que representa un incremento do 8,9% no último ano.
- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego durante o ano 2014 superou os 1.015 millóns de euros. En termos relativos, representa o 1,8% do PIB de Galicia.
- ☞ O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015, un 2,4% máis que o ano anterior.
- ☞ O 25,9% das empresas TIC levou a cabo actividades relacionadas con I+D+i nos tres últimos anos. O 74,7% destas empresas obtivo resultados comercializables nestes 3 últimos anos.
- ☞ Aumenta a banda larga móbil, acadando o 42,7%, 4,3 puntos porcentuais máis respecto ao ano anterior. Duplicouse a porcentaxe de empresas TIC conectadas a Internet a través de fibra óptica. O 38,3% das empresas TIC galegas teñen contratadas velocidades superiores a 100 Mbps, 7,6 puntos máis que no ano 2015.
- ☞ Respecto á propia actividade empresarial interna: o envío de facturas electrónicas foi do 36,4%, incrementándose 3,7 puntos no último ano. A sinatura dixital foi empregada por un 52,3% das empresas, 1,3 puntos máis que no ano anterior. O uso de redes sociais para uso empresarial acada o 39,2%, 2,5 puntos máis que no 2015.
- ☞ O 28% das empresas TIC ofreceron desenvolvementos específicos de software para plataformas móbiles, 2,8 puntos máis que o ano anterior.
- ☞ O 42,2% das empresas TIC galegas emprega solucións de Cloud Computing, 2,6 puntos máis que no ano anterior.
- ☞ Aumenta a porcentaxe de empresas que venderon a través de comercio electrónico ata o 30,2%, 2,9 puntos máis que o ano anterior.
- ☞ As tecnoloxías e modelos de negocio baseados en Cloud Computing é a área con maior interese para a formación de traballadores/as.



Metodoloxía da enquisa do OSIMGA:

- 440 enquisas ás empresas TIC galegas
- Enquisa vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura
- Período de realización da enquisa: 12 de abril ao 26 de xuño de 2016.
- A marxe de erro para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$.

Fontes de información:

- Enquisas realizadas polo OSIMGA.
- Fontes externas IGE e INE

galicið



Máis información: www.osimga.org